

VICTOR CAMPIO PEREIRA

Catoira, novembro 2015

O LIBRO FAUSTINO REY ROMERO. UN EVANXEO BUFO

En primeiro lugar, lamento de veras non poder asistir persoalmente a este acto, por mor da miña saúde, que desde hai algúns días me está a xogar unha mala pasada. Faríame moita ilusión estar aí, nas terras de Isorna e de Catoira, dous topónimos que escoitei pola primeira vez da boca de Faustino e que, desde entón, foron para min terras ilustres e literarias, xa que foi el quen me deu a coñecer a través das nosas conversas no seminario Maior de San Fernando, na cidade de Ourense, e logo máis tarde, en Tomiño (Tui), onde coincidimos moitas veces.

A vida de Faustino Rei Romero tiña que ser escrita por un rianxeiro. E foi, xustamente, Xosé Ricardo Losada o que se ergueu coa primicia da súa biografía. O libro "*Faustino Rei Romero. Un evanxeo bufo*" vai repasando, detalle a detalle, a vida do ilustre fillo de Isorna ata chegar ao fondo da súa complexa personalidade. Traballo que o autor conseguiu a través dunha lectura atenta da súa obra, dunha consulta a moi distintas persoas que o trataron e dun estudo psicolóxico en profundidade do ser do propio poeta.

Felicito ao autor, Xosé Ricardo, e agradézolle os bos momentos que me fixo pasar coa biografía de Faustino, porque grazas á súa lectura, fun recordando tempos e detalles que tiña medio esquecidos e que foron abrollando de novo á miña memoria. O Faustino que aparece no libro é o retrato exacto do mesmo Faustino que eu coñecín e tratei. Por iso digo que a súa lectura me devolveu a aqueles tempos, xa tan distantes, e que nalgún momento fixo que eu tivese que limpar o cristal das miñas gafas, embazadas polo bafo da emoción.

Teño que dicir tamén que lín o libro dun tirón, porque a súa claridade e o interese do contido, xunto co ritmo da linguaxe, que tiraba de min, non me permitiu descansar. Despois volvíno ler, máis veces e máis detidamente, parándome xa nos parágrafos que máis me interesaban e gozando sempre da súa lectura.

No ano 1971, eu andaba por Castela. Coñecín o pasamento de Faustino pola prensa madrileña, que publicou a noticia da súa morte, cunha breve biografía do poeta. Nas primeiras noites eu non podía conciliar o sono, pensando no meu amigo Faustino. Froito daquelas noites e daqueles insomnios é este poema titulado *Pronto*, que xa anda por aí, nalgún dos meus libros, e que agora reescribo para este acto:

PRANTO

No ledo val de Tui,
en Amorón,
no Baixo Miño,
comezou o vento a gallopar as veigas
ceibando un laio de dolor.

Os merlos, acochados entre as follas,
orfos de ti,
choraban quedamente
e a mansa chuvia
mollaba de tristura as carballeiras.

Namentres ti, lonxe da Terra,
con outro horario, noutro paralelo,
alá no río da Prata,
no centro xusto da saudade,
na xusta cruz da túa anguria,
caías derrubado por un lóstrego.

Eu teño que chorarte bágoa a bágoa,
Faustino bo,
guieiro dos meus pasos encetados,
rumbo da miña Terra Prometida,
irmán dos meus afáns adolescentes,
doce proxenitor dos meus lirismos.

Teño que che falar e non sei como,
porque aínda estou vivo
e este cabo de vida que che mando
topa coa noite pecha do misterio.

Non teño acentos, pombas mensaxeiras,
para inquirir teolóxicas preguntas,
porque non hai bambán de beira a beira,
pendular movemento de ida e volta
que me poña na pista dos segredos.

Hai soamente un pasadizo escuro,
un tebregal en circo,
que te deixou por sempre ancorado no sono,
sen voz e sen maná,
na outra ribeira.

Como farei para te ver, Faustino,
e che falar en clave de ouro e musgo,
na nosa voz secreta,
coma cando se abrían fiestras aos tellados,
burlando a lei do claustro
que impoñía nas celas o silencio
e prohibía a chuvia,
o vento e maila rosa!

E nós acobadados na pedra do mosteiro,
pecando gravemente por disipar os ollos na paisaxe,
por sentir os arumes montesíos do noso sangue mozo,
por escoitar a voz aloumiñante da nosa nai Galicia,
por dicir Rosalía, Pondal, Curros,
por dicir adiós ríos, adiós fontes.

De beira a beira,
de irmán a irmán,
de corazón a corazón che falo,
coas verbas prohibidas daquel tempo,
no noso idioma antigo de pranto e cancionero
feito son de cantiga nos teus beizos.

Faustino, vello amigo, dime:

Por cal canle baleira,
vai esvarando agora o río dos teus soños?
Segue o tempo, aí arriba,
pasando sen pasar coma as augas fuxidías
do Lérez e do Ulla?
Seguides sendo os mortos nesa beira
estrume de lameiros celestiais?

Dime, Faustino, amigo:

Hai sitio nese reino para os merlos
que morren entre a neve?
Onde están os aromas recedentes,

das rosas desfolladas?

Atopaches por fin a luz acesa

na outra banda das tebras?

Dime aínda máis, amigo, meu amigo:

Na derradeira volta do teu trance,

na volta do teu trance derradeiro,

foi o teu premio Deus, foi El louvado

como ti ben querías e escribiches?

Un apretado feixe de preguntas

súbeme desde o peito deica os labios,

líxame os ollos, cegos de impotencia

e fica fracasado, sen resposta.

Estou aquí,

cinguido do teu trágico silencio,

ollando para enriba por se acaso,

fitando as nubes do serán que navegan o ceo,

mentres nas carballeiras de Amorín, no Baixo Miño,

os merlos fan o seu responso fúnebre

pola tan grande perda que tiveron.


Estou aquí,

agardando a resposta que virá desa beira,

polas sombras escuras

onde ti xa chegaches,

viaxeiro adiantado,
defunto amigo meu,
e eu chegarei tamén un día
para fundirme en ti xa para sempre
nunha común aperta igualitaria
de esquecida borralla que foi lume.



Víctor Pavón